


UN MUSEO POLO MIÚDO

As funcións e traballos do museo

Cada unha das funcións do museo da orixe a unha área de atención específica que supón un persoal especializado. Aínda que o museo ten numerosos cargos que desempeñar, podemos resumir as funcións principais en cinco:

1. Coleccionar



Unha colección pode definirse como un conxunto de obxectos materiais e inmateriais (obras, artefactos, documentos, arquivos, testemuñas, cancións...) que unha persoa ou unha institución se ocupa de reunir, clasificar,

seleccionar e conservar nun lugar seguro. A colección é o eixo das actividades dun museo e é sen dúbida o aspecto máis importante da institución.

As adquisicións de obras de arte dunha colección realízanse baixo uns criterios específicos e é o **director** ou **directora** do museo a persoa encargada de establecer estes criterios.

Detrás da propia colección está o traballo de **registro**, no que se fai o **inventariado** e **catalogación** de cada peza. Cando unha obra chega ao museo hai que rexistrar toda a información que se ten dela: título, autoría, medidas, técnica, estilo, descripción... Ademáis hai que fotografiala e darlle un número: o **número de inventario**. Este número serve para darlle “identidade” ao cadro e tamén para facer o seu seguimento de xeito áxil e sinxelo.

2. Conservar

A conservación é outra función fundamental do museo. Polas súas características, as obras de arte son obxectos fráxiles que hai que supervisar e manter en condicións idóneas. O control ambiental da humidade, da temperatura e da iluminación é esencial nas salas de exposición e nos almacéns onde se gardan as obras de arte que non están expostas. No museo son os **conservadores/as** e os **restauradores/as** as que supervisan todo este traballo.

Por outra banda, e relacionado coa idea de conservar, está o traballo dos **vixiantes** que velan constantemente pola seguridade de todas as obras que alberga o museo.



3. Exhibir

A exhibición das obras da colección dun museo é outra función moi importante, o museo ten que poder chegar a cantas máis persoas mellor e para iso ten que amosar as súas obras.

Todo que vemos exposto nas salas dun museo está colocado




dun xeito específico e ben meditado por parte do equipo de traballadores. Os museos son lugares moi ordenados e os cadros e as esculturas que vemos nun centro de arte seguen unha ordenación. Non existe un único método de facer isto, moitas veces se mantén un orde cronolóxico, estilístico ou temático; mais se poden colocar as obras de outras formas distintas. O importante é que sexa fácil de comprender para calquera persoa que visite o museo.

A colocación das pezas artísticas ten tamén que ter en conta o propio espazo arquitectónico do edificio e súa iluminación.

4. Investigar

Unha parte fundamental do traballo nos museos é a investigación. Os traballadores e traballadoras do museo teñen que coñecer o mellor posible as obras que conforman a colección. Cantos máis datos teñamos dunha obra de arte mellor saberemos comunicar a súa importancia.



Estudar a autoría das obras, o seu estilo ou o contexto histórico no que foron realizadas é un traballo esencial que forma parte do día a día no museo. Para poder realizar esta investigación os museos adoitan contar coa súa propia biblioteca. Os **bibliotecarios/as** son as persoas encargadas de conseguir todos os libros e a documentación relevante para o estudo das obras da colección.

5. Difundir

A difusión é a función que se encarga de poñer en relación o museo coa sociedade. Desde o departamento de difusión comunícase o contido da colección e as exposicións do museo ao público, facilitando a transmisión de cultura e poñendo en valor o patrimonio de todos e todas.

As visitas guiadas, os cursos, os obradoiros, a comunicación a través das redes sociais... son labores que se realizan desde o departamento de difusión a través dos **educadores e educadoras**.

